

O IES Xulián Magariños convoca o “IV Concurso de fotografía : PATRIMONIO E CAMIÑO DE SANTIAGO EN NEGREIRA”



É xa tradición que o IES Xulián Magariños convoque anualmente un concurso fotográfico entre o seu alumnado co obxectivo de que desenvolva e mostre a súa capacidade de observación, imaxinación e creatividade. De feito este é o cuarto ano dun concurso que ten amosado unha crecente participación e calidade nos traballos presentados.

Circunstancias de sobra coñecidas desluciron a celebración do ano pasado e motivaron a prolongación do Ano Santo Compostelán ata fins do 2022. Durante os Anos Santos os camiños que conducían a Compostela enchíanse de peregrinos na busca de espiritualidade e perdón.

Este deambular de persoas de diferentes culturas, costumes e tradicións permitiu un rico intercambio cultural que quedou reflectido en magníficas obras artísticas e arquitectónicas e que a día de hoxe están recoñecidas como patrimonio da humanidade e protexidas a nivel internacional. Negreira acolle no seu territorio un deses camiños. Co obxectivo de dar a coñecer esa parte do concello, descoñecida incluso para moitos nicarienses, e tamén o rico patrimonio que se agocha ao longo del, convocamos este concurso fotográfico.

Bases do Concurso

1. Poderán participar todos os alumnos e alumnas matriculados este ano no IES Xulián Magariños.
2. Cada concursante poderá presentar un **máximo de tres fotografías**, que deberán ser orixinais súas.
3. As fotografías deberán ter relación co tema proposto e terán un título que reforce esa relación.
4. As fotografías presentaranse en formato dixital, cun tamaño mínimo de 6Mpx, para permitir unha ampliación a 40x30 cm sen perda apreciable de calidade.
5. Permítese o retoque con programas de edición fotográfica tipo Photoshop a nivel únicamente de cor e contraste, non aceptándose edicións que alteren a paisaxe real, copien, ou eliminen elementos.
6. Para garantir que a fotografía é orixinal tomarán outra fotografía probatoria, onde se vexa a persoa concursante facendo esa foto e que á súa vez abarque a escena fotografiada.
7. As fotos de concurso e as fotos que acreditan que o autor fixo a fotografía desa escena enviaranse por correo electrónico á dirección ies.xulian.magarinos@gmail.com, incluíndo o título das fotografías e datos do autor (nome e grupo de clase)
8. O prazo de envío será ata o 15 de novembro.
9. O xurado estará composto por 3 membros do claustro de profesores con experiencia no mundo da fotografía e emitirá o seu fallo o día 20 de novembro.
10. Unha selección das mellores fotografías presentadas será exposta en espazos do centro durante o mes de decembro.
11. Os premios serán: **Primeiro premio: 75 € Segundo premio: 50 € Terceiro premio: 25 €**
(o concurso pode quedar deserto en caso de que a calidade das fotografías presentadas non se considere axeitada)
- 12.- A participación no concurso implica a aceptación das bases.